

## Concello de A Capela

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DA CAPELA MANDATO 2019-2023

#### CONCELLEIROS/AS. ELECTOS/AS.

D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ  
D<sup>a</sup>. NATALIA PAZ ALVAREZ  
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN  
D<sup>a</sup>. MARIA ROCIO PERMUY RAMUDO  
D. JUAN MANUEL SOTO LOPEZ  
D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO  
D. MARTIN BLANCO HERMIDA  
D<sup>a</sup>. MONTSERRAT SECO CABARCOS  
D<sup>a</sup>. OLGA MARIA BLANCO TEIJEIRO

#### SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de Actos do Concello da Capela, sendo as once horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, concorren os Sres/as. Concelleiros/as. electos nas Eleccións Locais 2019, convocadas por Decreto 209/2019, do 1 de abril que se expresan a marxe, co obxecto de celebrar sesión pública de Constitución da nova Corporación Municipal conforme o disposto nos artigos 195 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

#### I.- FORMACION DA MESA DE IDADE E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Polo Secretario do Concello manifestase que a Mesa de idade estará conformada polo concelleiro electo de maior idade que actuará como Presidente da Mesa e o concelleiro electo de menor idade que son respectivamente D. Manuel Meizoso López e D. Martín Blanco Hermida, actuando como Secretario da Mesa o da Corporación D. José Antonio Meizoso Paz.

Seguidamente o Secretario dá lectura as disposicións aplicables a constitución das novas Corporacións Locais contidas nos artigos 195 e seguintes da Lei 5/1985, e 37 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

De seguido procédese pola Mesa de idade á comprobación de credenciais presentadas polos Concelleiros/as. electos/as. cotexadas coa certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol.

Sendo conformes todas as credenciais e o concorrer a maioría absoluta de

Manuel Meizoso López (1 para 2)  
Alcalde  
Data de Sinatura: 17/06/2019  
HASH: 6826a4b8f1b40bed9c682bc334b066



José Antonio Meizoso Paz (2 para 2)  
Secretario-Interventor  
Data de Sinatura: 17/06/2019  
HASH: 3630b646231678438294c98800bc85



ACTA DO PLENO

Número: 2019-0010 Data: 17/06/2019



Cod. Validación: 3Q7FERENXAYJEPWQSDARMDPY6 | Corrección: http://concellodacapela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



## Concello de A Capela

concelleiros/as electos/as da Corporación o Presidente da Mesa de Idade declara constituída a Corporación Municipal do Concello da Capela correspondente o mandato 2019-2023 que está integrada polos Sres/as. Concelleiros/as:

- D. Manuel Meizoso López
- D<sup>a</sup>. Natalia Paz Álvarez
- D. Emilio Riobó Piñón
- D<sup>a</sup>. María Rocío Permuy Ramudo
- D. Juan Manuel Soto López
- D. Marcos Rodríguez Calvo
- D. Martín Blanco Hermida
- D<sup>a</sup>. Montserrat Seco Cabarcos
- D<sup>a</sup>. Olga María Blanco Teijeiro

### II.- XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS

Ós efectos de dar cumprimento o establecido no RD 707/1979, do 5 de abril en relación co artigo 108.8 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral procédese a dar lectura a formula de xuramento ou promesa para a toma de posesión efectiva como concelleiro/a. da Corporación Municipal do Concello da Capela.

Xura o cargo:

- D. Manuel Meizoso López

Prometen o cargo:

- D<sup>a</sup>. Natalia Paz Álvarez
- D. Emilio Riobó Piñón
- D<sup>a</sup>. María Rocío Permuy Ramudo
- D. Juan Manuel Soto López
- D. Marcos Rodríguez Calvo
- D. Martín Blanco Hermida
- D<sup>a</sup>. Montserrat Seco Cabarcos
- D<sup>a</sup>. Olga María Blanco Teijeiro



## Concello de A Capela

### III.- ELECCIÓN DE ALCALDE-PRESIDENTE

Acto seguido polo Secretario dase lectura as normas reguladoras da elección de Alcalde contidas no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e 40 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Os Sres/a. Concelleiros/a. que encabezan as correspondentes listas son candidatos a Alcalde:

- D. Manuel Meizoso López (PSdeG-PSOE)
- D. Marcos Rodríguez Calvo (AIAC)
- D<sup>a</sup>. Olga María Blanco Teijeiro (PP)

De seguido procédese a votación ordinaria para a elección de Alcalde obténdose os seguintes resultados:

- D. Manuel Meizoso López – PsdeG-PSOE, cinco votos (5)
- D. Marcos Rodríguez Calvo – AIAC, catro votos (4)
- D<sup>a</sup>. Olga María Blanco Teijeiro – PP, cero votos (0)

En consecuencia, obtendo a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación proclámase Alcalde-Presidente do Concello da Capela a D. Manuel Meizoso López que de seguido toma posesión xurando o cargo.

Polo Sr. Alcalde-Presidente D. Manuel Meizoso López dase as grazas a todos os asistentes, así como a confianza depositada polos veciños/as da Capela na candidatura do PSdeG-PSOE. Lembrase dos concelleiros/as que traballaron arreo nestes derradeiros catro anos e dí que o tema máis importante que ten o concello da Capela e a baixada demográfica para o que se deben facer novas políticas para tratar de que A Capela medre.

Remata a súa intervención decindo que quere catro anos tranquilos e de traballo para A Capela.

### IV.- ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DE BENS

Polo Sr. Alcalde entrante procédese a sinatura da acta de arqueo efectuada o día da data cos seus xustificantes bancarios que reflicte unha existencia de tesourería que ascende no seu total a cantidade de oitocentos trinta e dous mil oitocentos catro euros con sesenta e catro céntimos de euro (832.804,69 €).

Asímesmo dase conta do resumo por epígrafes do inventario de bens municipal que en valor neto ascende á cantidade de nove millóns setecentos noventa e





## Concello de A Capela

---

catro mil noventa e nove euros con trinta e un céntimos de euro (9.794.099,31 €).

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Alcalde-Presidente dase por rematada a sesión da Constitución do Concello da Capela mandato 2019-2023, sendo as once horas e quince minutos, de todo o cal, eu secretario dou fé, coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0010 Data: 17/06/2019



Cod. Validación: 3Q7FERENXAYJEPW03SDARMDPY6 | Corrección: <http://concello dacapela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPública | Páxina 4 e 4